*A parroquia de Aguiño foi unha das que máis notou eses cambios. Unha parroquia que é a máis importante en número de habitantes e que precisaba de cambios sustanciais que devolveran a vida e o movemento á súa zona portuaria e fachada marítima.*

*Foi a remodelación da rúa Castelao e da súa fronte martítima (que aínda está pendente de rematar na súa totalidade) a que cambiou o aspecto esencial dese paseo humanizando unha das zonas principais da parroquia.*

*No referente ás rutas turísticas e paseos medioambientais cabe recordar a realización da apertura da senda de Punta do Laño ao Peirao Fenicio, enclave este último que vai ser dinamizado e posto en valor grazas ao Plan de Sustentabilidade Turística logrado polo anterior Executivo.*

*A consecución da parcela para a construción do Centro de Deportes Náuticos, que xa se atopa adxudicado, será un reclamo no eido do deporte. Unha inversión de máis de un millón de euros que se realizará ao carón da lonxa e que albergará a sede do Club de Remo onde numerosos rapaces e rapazas de todo o noso concello adestran a diario.*



CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

*No ámbito da cultura Aguiño vai a contar con grandes avances. Logo de un proceso participativo, o goberno de Manolo Ruiz anunciaba o pasado mes de abril unha inversión de máis de medio millón de euros para rehabilitar o edificio do conservatorio procedente de fondos europeos a través do Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana. Outro reto a poñer en marcha dentro da planificación do concello nun edificio que conta con gran actividade a través da todas as asociacións das parroquias.*

*Foi unha pena que ao que si renunciase o goberno tripartito fose a unha Escola Infantil para a parroquia. Aguiño ten poboación suficiente para precisar dun servizo coma este pero era o pasado setembro cando coñeciamos que o goberno non solicitaba a subvención que a Xunta de Galicia publicaba para optar a uns fondos fixos que permitirían avanzar na posta en marcha, como xa fixeron outros concellos da zona coma Outes.*

*Xa van preto de dous anos que as Aulas do Maior de Aguiño funcionan a pleno rendemento con talleres, charlas ou cursos que dinamizan a vida dos maiores na parroquia. Así mesmo tamén se levan a cabo talleres terapéuticos da man de Agadea.*

*Pero este grupo municipal quere seguir avanzando, como así o reflexábamos no noso programa electoral. Xa dende o goberno se traballaba para recuperar o que era a antiga fábrica do xeo na zona portuaria. Con un cambio urbanístico en marcha, ese inmoble debería converterse nun espazo de referencia que rematase de complementar todos os servizos públicos municipais que se ofrezan na parroquia de Aguiño: un espazo multiusos no que teñan cabida os maiores e os mozos. Habería espazo suficiente para chegar a un acordo coa Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño coa que ambas partes poidan ter o seu espazo e que dende o Concello de Ribeira se habiliten novos servicios para a veciñanza coma un Centro de Día os maiores, un espazo xuvenil no que pasar o tempo de lecer os mozos e incluso podería ter cabida para un espazo onde albergar unha escola infantil.*

*Por todo iso, e co convencemento de que a parroquia de Aguiño ten moitas posibilidades que acercar a todas as veciñas e veciños, na que existeuntecidosocialmoiactivo,solicitamos:*

*1.-Instar ao goberno municipal a axilizar os cambios urbanísticos que correspondan ao mesmo para poder actuar no espazo da antiga fábrica de xeo de Aguiño.*

*2.-Instar ao goberno municipal a buscar un acordo frutífero para ambas partes coa Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño.*

*3.-Priorizar a posta en marcha dun Centro de Día para os maiores e un espazo multiusos onde poida desfrutar a xuventude de múltiples actividades.*

*Ribeira, 2 de xaneiro de 2024*

Asemade dase conta dunha **emenda de adicción** conxunta presentada polos grupos municipais do **grupo de goberno** (**BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe**) do seguinte tenor literal:

*"Vicente Mariño de Bricio con DNI: 52456748G, en nombre del equipo de gobierno municipal, BNG, PBBI, PSOE presenta al pleno de la corporación municipal de Ribeira la siguiente enmienda de adiccion a lo solicitado en la Mocion " Proxectos na parroquia de Aguiño".*

*Instar a la Xunta de Galicia que haga realidad lo que el anterior regidor comunicaba en diferentes medios que estaba concedida una escuela infantil para Aguiño.*

*Una escuela infantil en la Parroquia de Aguiño del tipo Galiña Azul , para evitar gastos al concello de Ribeira.*

*El Concello pondrá a disposición de la Xunta de Galicia los terrenos necesarios."*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame así como da emenda de adición**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE

CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, en cumprimento do disposto no artigo 116.1.e) do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda de adición co seguinte resultado::

-**VOTOS A FAVOR: 11** **( 5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)**

-**VOTOS EN CONTRA: 0**

-**ABSTENCIÓNS: 9 PP**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por maioría absoluta dos seus membros **aprobala emenda de adición transcrita ó** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 23 de xaneiro de 2024 sobre **PROPOSICIÓN DO GM DO PP PRESENTADA POR DNA.MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A AXILIZAR OS CAMBIOS URBANÍSTICOS PARA PODER ACTUAR NO ESPAZO DA ANTIGUA FÁBRICA DE XEO EN AGUIÑO** e, en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO***:*-Instar ao goberno municipal a axilizar os cambios urbanísticos que correspondan ao mesmo para poder actuar no espazo da antiga fábrica de xeo de Aguiño.*

***SEGUNDO***:*-Instar ao goberno municipal a buscar un acordo frutífero para ambas partes coa Confraría de Pescadores de Carreira e Aguiño.*

***TERCEIRO***:*-Priorizar a posta en marcha dun Centro de Día para os maiores e un espazo multiusos onde poida desfrutar a xuventude de múltiples actividades.*

***CUARTO***:*-Instar a la Xunta de Galicia que haga realidad lo que el anterior regidor comunicaba en diferentes medios que estaba concedida una escuela infantil para Aguiño: Una escuela infantil en la Parroquia de Aguiño del tipo Galiña Azul , para evitar gastos al concello de Ribeira.*

***QUINTO***:*-El Concello pondrá a disposición de la Xunta de Galicia los terrenos necesarios*

**9.-PROPOSICIÓN CONXUNTA DOS GM PS DE G-PSOE E BNG PRESENTADA POR D. FRANCISCO SUÁREZ-PUERTA COLOMER E DNA. MARÍA CRUZ RIVADULLA MÁRQUEZ SOBRE A XESTIÓN DA MAREA DE "PELLETS" PLÁSTICOS.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 23 de xaneiro de 2024 sobre **proposición conxunta** presentada polos GM do **Ps de GPsoe** e **BNG** e no seu nome por **D. Francisco Suárez-Puerta Colomer** e **Dna. María Cruz Rivadaulla Márquez,** respetivamente de data 17 de xaneiro de 2024 (rex 17-01-2024), e que é do seguinte tenor literal:

*Francisco Suárez-Puerta Colomer voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Ribeira e Cruz Rivadulla Márquez de acordo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e*

CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

*Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN sobre a xestión da marea de "pellets" plásticos:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O pasado 8 de decembro, o cargueiro "Toconao", con pavillón liberiano, armadora radicada en Bermudas e empresa propietaria con domicilio fiscal en Chipre, perdía fronte ás costas portuguesas varios colectores, entre os que se atopaba un que contiña máis de 26 toneladas de "pellets" plásticos repartidos en sacos de 25kg.*

*O 13 de decembro, o 112 recibe a chamada dun veciño de Corrubedo alertando da presenza de decenas de sacos de microplásticos na praia ribeirense de Balieiros, pese ao cal dende a Xunta de Galicia non se toma ningunha medida ata case un mes máis tarde. A Xunta de Galiza durante todo este tempo xa é sabedora deste vertido no medio mariño, máis non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.*

*O 20 de decembro ás 18:30 horas, Salvamento Marítimo de Fisterra comunica ao servizo de gardacostas, dependente da Xunta de Galicia, que a chegada de "pellets" ás costas galegas débese a perda do colector do Toconao. Pero non é ata o 4 de xaneiro, 15 días despois, cando a Xunta se dirixe a algúns cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as "competencias que ten a administración local na limpeza dos areais", precisamente despois de que fore esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento e polo tanto desentendéndose desa labor e o que é máis importante, da súa obriga de colaborar aportando medios, recursos, información e orientación a aqueles que estaban a asumir en exclusiva a limpeza dos restos do vertido que chegaban ás nosas costas.*

*O 6 de xaneiro a Xunta activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (CAMGAL), sorprendentemente no seu nivel 1, o que impedía a intervención dos medios do Estado, segundo o establecido no protocolo aprobado polo Goberno Central durante a etapa de goberno do PP, que obriga a activar o nivel 2 para que o Goberno do Estado poida actuar.*

*Non é ata o día 9 de xaneiro cando Asturias, comunidade afectada por este vertido con posterioridade a Galicia, decreta o nivel 2, momento no que a Xunta decide seguir os seus pasos e proceder a activar ese nivel de alerta que permite actuar ao Estado, iso si, negándose a concretar que medios precisa para tal fin, chegando a declarar o propio Alfonso Rueda días antes "el que quiera ayudar, que ayude",ou a Conselleira de Medioambiente, Ánxeles Vázquez, "el Gobierno Central tiene que saber lo que ellos necesitan" ; para un día despois acabar pedindo un avión, dous helicópteros, 11barcos e un submarino.*

*Así mesmo, compre ter en conta as contradicións dos distintos responsables da Xunta, e cargos do PP, en relación coas características, composición e sobre todo posible toxicidade ou non do material que chega ás nosas costas, sen ter a estas alturas a constatación de si pode ser ou non prexudicial.*

*A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, só 200 efectivos, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco e quen de coordinar.*

*É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte, desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medioambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego.*

*Todo un despropósito, que pon negro sobre branco a nefasta xestión da Xunta de Galicia presidida por Alfonso Rueda dunha nova catástrofe nas costas galegas. Unha xestión que seguiu ao pé da letra o manual do*



CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

*Prestige, minimizando as consecuencias do vertido e actuando tarde, mal e arrastrado pola presión social, mentindo e ocultando información e responsabilizando aos demais daquilo que é da súa competencia.*

*Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son "tóxicos nin perigosos", valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.*

*Por todo exposto, o Goberno do Concello de Ribeira, o BNG e PSdeG propón ao Pleno da Corporación a adopción dos siguientes **ACORDOS**:*

*Esixir da Xunta de Galicia:*

*1º.- A creación dun comité de crise no que participarán, ademais das autoridades autonómicas -que coordinarán as accións- e o goberno central, a FEGAMP e todos os alcaldes/as dos municipios afectados, dende o inicio da crise con independencia do nivel que sexa preciso activar, co fin de que poidan participar directamente na resolución do problema.*

*2º- Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.*

*3º.- Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.*

*4º.- A realización en colaboración con Universidades e laboratorios de contrastada experiencia de todos os estudos necesarios para aclarar a composición do material vertido, así coma as posibles afeccións que este poida ter no medio, fauna e flora que serán publicados inmediatamente co fin de garantir a máxima transparencia.*

*5º.- A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de contrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.*

*5º.- Se centralice e realice, en representación de todos os concellos e sectores afectados, as xestións necesarias para a reclamación dos custes nos que incorreron e están a incorrer os mesmos, así coma das posibles indemnizacións que poidan derivarse como consecuencia desta situación.*

*6º.- Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.*

*En Ribeira, a 17de xaneiro de 2024*

*Asdo.*

*Cruz Rivadulla Márquez Voceira do Grupo Municipal BNG*

*Francisco Suárez-Puerta Colomer Voceiro do Grupo Municipal Socialista*



CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución do grupo municipal do PBBI**, en o seu nome por **D. Vicente Mariño de Bricio**, do seguinte tenor literal:

*Vicente Mariño de Bricio con DNI: 52456748G, en calidad de portavoz del Partido Barbanza Independiente (PBBI) presenta al pleno de la corporación municipal Ribeirala siguiente enmienda de sustitución a lo solicitado en la Mocion "CONTRA A XESTION DA MAREA DE PELLETS PLASTICOS"*

1- *Solicitar a la Xunta de Galicia y al Gobierno Central que tomen las medidas oportunas para apoyar al sector pesquero después de los perjuicios ocasionados.*

2- *Instar al gobierno central, que ceda las competencias del litoral y la gestión de los espacios costeros a la Xunta de Galicia para evitar en lo sucesivo la problemática que ha acontecido en nuestras costas. El PBBI entiende que esta gestión de los espacios costeros por la Administraccion autonómica beneficiaria a muchos vecinos de nuestro concello.*

3- *Instar al Gobierno y Xunta que hagan frente a los gastos / indemnizaciones que procedan con independencia de las acciones que se emprendan contra los armadores del buque y sus compañía de seguros .*

*Refiriéndome también a los gastos ocasionados al concello y grupos marisqueros y pesca extractiva.*

Igualmente dase conta dunha **emenda de substitución ao punto nº 9** presentada polo grupo municipal do **PP** e no seu nome por **Dna. María José Sampedro Fernández**, do seguinte tenor literal

*María J. Sampedro, con DNI 53484719-J en calidade de voceira do Grupo Municipal do Partido Popular en Ribeira, presenta a seguinte emenda de substitución ao punto 9 sobre a xestión da marea de pellets plásticos.*

*Emenda de substitución ao punto 9:*

1- *Solicitar á Xunta de Galicia que siga traballando nas campañas de promoción dos peixes e mariscos galegos e ao Goberno Central que faga o mesmo logo da campaña de desprestixio que sufriu o sector pesqueiro.*

2- *Instar ao Goberno central a que ceda as competencias do litoral e a xestión dos espazos costeiros á Xunta de Galicia para evitar no sucesivo a problemática acontecida nas nosas costas. A posta en marcha da Lei do Litoral de Galicia beneficiaría a instalación e o desenrolo do traballo de moitas empresas e veciños vencellados a Ribeira, á nosa comarca e ao resto dos concellos costeiros galegos.*

3- *Reclamar da Administración actualmente competente os gastosocasionados aos concellos para a posterior reclamación a armadora do buque respondendo responsablemente ás consecuencias do feito acaecidos.*

4- *Instar ao Concello de Ribeira á aprobación do plan local contra a contaminación mariña.*



CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

**Previo acordo** entre os grupos municipais do **PBBI** e **PP,** refúndense ambas emendas de substitución nos seguinte termos:

1- *Solicitar á Xunta de Galicia que siga traballando nas campañas de promoción dos peixes e mariscos galegos e ao Goberno Central que faga o mesmo logo da campaña de desprestixio que sufriu o sector pesqueiro.*

2- *Instar ao Goberno central a que ceda as competencias do litoral e a xestión dos espazos costeiros á Xunta de Galicia para evitar no sucesivo a problemática acontecida nas nosas costas. A posta en marcha da Lei do Litoral de Galicia beneficiaría a instalación e o desenrolo do traballo de moitas empresas e veciños vencellados a Ribeira, á nosa comarca e ao resto dos concellos costeiros galegos.*

3- *Reclamar da Administración actualmente competente os gastosocasionados aos concellos para a posterior reclamación a armadora do buque respondendo responsablemente ás consecuencias do feito acaecidos.*

4- *Instar ao Concello de Ribeira á aprobación do plan local contra a contaminación mariña e no momento en que exista disponibilidades de recursos humanos proceder á creación dunha brigada específica para a limpeza de praias durante todo o ano.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame, así como da emenda do grupo municipal do PBBI**, e da **emenda do grupo municipal do PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, en cumprimento do disposto no artigo 116.1.e) do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira sómetese a votación ordinaria as emendas refundidas transcritas dos grupos municipais do PBBI e PP, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 14 ( 5 PBBI, 9 PP)**

**-VOTOS EN CONTRA: 6 (5 BNG, 1 Ps de G-Psoe)**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **aprobalas** emendas de substitución refundidas dos grupos muicipais do PBBI e PP sobre o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 23 de xaneiro de 2024 sobre **PROPOSICIÓN CONXUNTA DOS GM PS DE G-PSOE E BNG PRESENTADA POR D. FRANCISCO SUÁREZ-PUERTA COLOMER E DNA. MARÍA CRUZ RIVADULLA MÁRQUEZ SOBRE A XESTIÓN DA MAREA DE "PELLETS" PLÁSTICOS** e, en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO***:*-Solicitar á Xunta de Galicia que siga traballando nas campañas de promoción dos peixes e mariscos galegos e ao Goberno Central que faga o mesmo logo da campaña de desprestixio que sufriu o sector pesqueiro.*

CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

Concello de Ribeira

*__SEGUNDO:-__Instar ao Goberno central a que ceda as competencias do litoral e a xestión dos espazos costeiros á Xunta de Galicia para evitar no sucesivo a problemática acontecida nas nosas costas. A posta en marcha da Lei do Litoral de Galicia beneficiaría a instalación e o desenrolo do traballo de moitas empresas e veciños vencellados a Ribeira, á nosa comarca e ao resto dos concellos costeiros galegos.*

*__TERCEIRO__:-Reclamar da Administración actualmente competente os gastosocasionados aos concellos para a posterior reclamación a armadora do buque respondendo responsablemente ás consecuencias do feito acaecidos.*

*__CUARTO__:-Instar ao Concello de Ribeira á aprobación do plan local contra a contaminación mariña e no momento en que exista disponibilidades de recursos humanos proceder á creación dunha brigada específica para a limpeza de praias durante todo o ano.*

## 10. PROPOSICIÓN DO GM DO PP PRESENTADA POR D. ALEJANDRO VIDAL ÁLVAREZ SOBRE FACER UN PROXECTO TÉCNICO DE MELLORAS DA PISTA DE ATLETISMO DO "ESTADIO ANA PELETEIRO."

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de_Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 23 de xaneiro de 2024 sobre proposición presentada polo **GM do PP** e no seu nome por **D. Alejandro Vidal Álvarez** de data 17 de xaneiro de 2024 (rex entr. 17-01-2024, nº 1418) e que é do seguinte tenor literal:

*D. Alejandro Vidal Álvarez, concelleiro do Grupo Municipal Popular de Ribeira, con DNI 52932435-V, presenta ao Pleno da corporación Municipal de Ribeira a seguinte PROPOSICIÓN:*

*Logo da revisión in situ da pista do Estadio Municipal de Atletismo Ana Peleteiro e de manter distintas conversas tanto cos clubs e practicantes de este deporte consideramos oportuno traer esta proposición e os seus motivos ao pleno da corporación.*

*Esta instalación foi feita fai aproximadamente uns 20 anos, entre o 2003 e o 2005, e por ela pasaron e desfrutaron numerosos atletas e moitos outros deportistas de diferentes disciplinas coa tarefa de prepararse, realizáronse múltiples probas físicas de distintas oposicións e incluso adestrou, adestra e adestrará a nosa medallista olímpica.*

*Logo de tantos anos, co paso do tempo e o seu uso, a instalación encóntrase nunha situación na que os nosos atletas xa non poden adestrar nunhas óptimas condicións e incluso empezan a correr pequenos riscos de lesión.*

*Tamén estamos ante un momento no que a Xunta de Galicia está executando a obra do módulo cuberto de atletismo e centro de tecnificación de Taekwondo, no cal poderán exercer a preparación durante o inverno nunhas condicións óptimas. Pero non podemos esquecernos de que estes atletas compiten na súa maioría en exterior e para iso tamén dependen de adestrar na pista referida neste texto. O mellor xeito de acadar un progreso positivo para o atletismo en Ribeira pasaría por poder contar con que os dous escenarios deste deporte gozase dunhas instalacións modernas e á altura dos nosos deportistas.*

*Por último poñer en valor que a consecución de dunha pista homologada, sumada ao remate do módulo cuberto, sería un escenario perfecto para o crecemento do Club de Atletismo local tanto en cantidade como en calidade e tamén para que atletas de élite puideran ter como referente a localidade de Ribeira para facer as súas preparacións ou iniciar as súas pretemporadas, e o mesmo tempo de adestrar poder coñecer todos os nosos maravillosos paraxes turísticos e referenciar Ribeira como localidade acolledora no eido deportivo.*

*Por todo o exposto anteriormente, PROPOÑO:*

*1º- Facer un proxecto técnico de melloras da pista der atletismo do Estadio Ana Peleteiro que incluirá un retaping homologado, xaula de lanzamentos, postes de salto en altura e postes de salto con pértega.*

*2º Dar traslado do acordo e dito proxecto as distintas administracións con competencias para buscar unha co-financiación do proxecto.*

CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

Concello de Ribeira

*En Ribeira a 17 de xaneiro de 2024*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 23 de xaneiro de 2024, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 15 ( 9 PP ,5 bng, 1 Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 5 PBBI**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 23 de xaneiro de 2024 sobre **PROPOSICIÓN DO GM DO PP PRESENTADA POR D. ALEJANDRO VIDAL ÁLVAREZ SOBRE FACER UN PROXECTO TÉCNICO DE MELLORAS DA PISTA DE ATLETISMO DO "ESTADIO ANA PELETEIRO"**e, en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO***:*-Facer un proxecto técnico de melloras da pista der atletismo do Estadio Ana Peleteiro que incluirá un retaping homologado, xaula de lanzamentos, postes de salto en altura e postes de salto con pértega.*

***SEGUNDO***:*-Dar traslado do acordo e dito proxecto as distintas administracións con competencias para buscar unha co-financiación do proxecto.*

## PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

### 11.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a celebracíon do derradeiro pleno ordinario (**27 de novembro de 2023)**

O Pleno **da Corporación Municipal** queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

## 12.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do disposto nos artigos 82, 83 e 91.4º do R.O.F., e no artigo 109.5 do R.O.M., o Sr. Alcalde-Presidente, preguntas ós/ás sres/as voceiros/as de teñen algunha moción urxente que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas, non presentándose ningunha

## 13.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo **Grupo Municipal do PP** dase conta dos seguintes rogos presentados previamente por escrito en tempo e forma:

**1.-ROGO** presentada por Dna. María José Sampedro Fernández, (rex de entrada 2104 de 25 de xaneiro de 2024) do seguinte tenor literal:

*María J. Sampedro, con DNI 53484719-J en calidade de Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular en Ribeira, presenta o seguinte ROGO ao pleno con motivo do pleno ordinario da Corporación Municipal de Ribeira,*

*EXPOÑO:*

*Na parroquia de Oleiros contamos con unha das principais manifestacións megalíticas de Galicia e un dos principais atractivos do noso concello: o Dolmen de Axeitos.*

*Declarado como Ben de Interese Cultural (BIC) debe gozar dunha boa saúde en canto ao estado de mantemento.*

*POLO QUE ROGO,*

- *A tramitación para o arranxo do muro exterior posto que se atopa coas pedras soltas e movidas.*
- *O arranxo ou substitución do portal de madeira que se atopa na entrada.*
- *A limpeza do entorno.*



CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33

Concello de Ribeira





CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33






Tras a exposición realizada polo **Sr. Vicente Reiriz, concelleiro do grupo municipal do PP**, resposta o **Sr. Vidal Peón, concelleiro do grupo municipal do BNG**, nos seguintes termos:

Sí, é un ben patrimonial da Deputación, entón, xa nos puxemos en contacto ca Administración oportuna para que procedan ao seu arranxo, tanto da porta, do muro e todo o perímetro porque a verdade é un interese cultural e ten que estar co valor que se merece.

CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5





| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48 | **DOCUMENTO: 20241262042**<br>Fecha: 26/02/2024<br>Hora: 11:33 |
|---|---|---|

2.-ROGO presentado por Dna. María José Sampedro Fernández, (rex de entrada 2162 de 26 de xaneiro de 2024) do seguinte tenor literal:

*María J. Sampedro, con DNI 53484719-J en calidade de Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular en Ribeira, presenta o seguinte ROGO ao pleno con motivo do pleno ordinario da Corporación Municipal de Ribeira,*

*EXPOÑO:*

*O entorno da Pedra das Cabras é un espazo natural que impulsamos a través do Plan de Sustentabilidade Turística para que se poida poñer en valor a través dunha ruta que implique a recuperación da senda dos muíños e o entorno polo que discorre o río Saiñas. Vista a colocación recentemente dun tubo no entorno da Pedra das Cabras puidemos observar da man de veciños o pouco proveito que se lle pode sacar se non se fai unha limpeza axeitada ao cauce do río, especialmente nestas épocas de importantes choivas.*

*POLO QUE ROGO,*

- *A limpeza do río Saiñas en todo o seu percorrido.*
- *A posta en marcha dos proxectos do Plan de Sustentabilidade Turística, entre os que se atopa o mencionado.*



CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33





CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48

DOCUMENTO: 20241262042
Fecha: 26/02/2024
Hora: 11:33



Tras a exposición realizada polo **Sr. Pérez Outeiral, concelleiro do grupo municipal do PP**, o **Sr. alcalde-presidente** procede a contestar nos seguintes termos:

Grazas Sr. Outeiral; ben, pois decirlle que estamos xa procedendo a realizar ese tipo de proxectos, respondéndolle a última cuestión; e con respecto á limpeza, pois, no momento en que poidamos vamos a proceder a realizala, e tamén, evidentemente, pedíndolle os permisos correspondentes a Augas de Galiza.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **22 horas e 15 minutos** do día da data do que eu, como Secretario dou fe e certifico.

O alcalde-presidente O secretario xeral

Asdo.Luis Antonio Pérez Barral Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

CSV: 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5




| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001341DA00G2I6A6D3A2L5 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 26/02/2024<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 26/02/2024<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/02/2024 11:33:48 | DOCUMENTO: 20241262042<br>Fecha: 26/02/2024<br>Hora: 11:33 |
|---|---|---|